



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 31 DE XULLO DE 2025

En Laxe, sendo as 20:00 horas do 31 de xullo de 2025, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Non asiste:

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Actúa como secretaria-interventora deste concello, Dona Begoña Carrasco García

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS: 29/05/2025 E 20/06/2025. Expte. núm. 2025/G006/000022.

Dase conta dos borradores das actas das sesións anteriores de data 29/05/2025 e 20/06/2025 para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Non habendo intervencións, sométense a votación os borradores anteriores, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Quedan por tanto, aprobados os borradores do pleno de datas 29/05/2025 e 20/06/2025.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2025/X998/000191 SOBRE CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPTE. OFI 14/2025.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 14/2025

EXP. Nº: 2025/X998/000191

Sométese a aprobación do Pleno da Corporación as facturas pola prestación do servizo de axuda no fogar, polas modalidades de dependencia e libre concurrencia, correspondente ao mes de maio de 2025, presentadas pola empresa prestadora do servizo Senes Cit S.L.

O servizo de axuda no fogar é un servizo municipal integral, polivalente e comunitario, orientado a unidades familiares que presentan dificultades para a realización de actividades elementais da vida

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

diaria, proporcionándolles atención, mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu entorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. Estamos, por tanto, ante un servizo esencial que ten unha alta demanda, motivada principalmente polo avellentamento da poboación.

Considerando que o actual expediente de contratación coa empresa Senes Cit S.L. excede dos límites do contrato menor, iniciouse o expediente de contratación por procedemento aberto, da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Laxe, número 2025/C002/000002, polo que mediante providencia desta alcaldía, de data 27 de xaneiro de 2025, se dispón que por parte do Departamento de Servizos Sociais Municipal, por ser o que coñece o funcionamento do mencionado servizo, se elaboren os pregos de prescricións técnicas para licitar o contrato de prestación deste servizo.

Neste momento, este expediente está en fase de elaboración dos pregos de características técnicas e da memoria económica, trámites necesarios para poder avanzar no procedemento de licitación do servizo.

ANTECEDENTES:

-Propostas de alcaldía de datas 23/07/2025.

-Solicitud de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora de data 24/07/2025

-Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas asinado pola Alcaldía o día 24/07/2025

-Informe de omisión de fiscalización de 24/07/2025

NORMATIVA APLICABLE:

- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local

CONSIDERACIÓNS:

1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente observase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.

A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.

1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

Si tomamos en consideración a facturación do Servizo durante o exercizo de 2024, resulta que o importe do mesmo ascendería a 386.359,49 €. Os recursos ordinarios do orzamento do exercicio de 2025 (prorrogado de 2024), ascenden a 2.878.073,51€, polo que o 10% serían 287.807,35€, excedendo por tanto a contía sinalada na Disposición adicional 2ª da Lei de contratos do sector público en canto ao límite para a competencia como órgano de contratación da Alcaldía, correspondendo por tanto ao Pleno da Corporación.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado.

Ademáis e dado que estamos ante un servizo esencial e básico para a poboación deste concello, cómpre que a empresa continúe coa súa prestación ata a licitación dun novo contrato.

3.- Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 24/07/2025.

4.- Considerando que está iniciado o expediente de contratación polo procedemento aberto, da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Laxe, número 2025/C002/000002, e que neste momento se atopa en fase de elaboración dos pregos de características técnicas e da memoria económica.

Esta alcaldía facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformidad
F/2025/738	16/06/2025	01 350	16/06/2025	4699,06	CO	B15724719	SENECIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MAIO 2025	2025 231 22799 2025/3/SSSAD	23/06/2025
F/2025/739	16/06/2025	01 349	16/06/2025	31915,66	CO	B15724719	SENECIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MAIO 2025 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS	2025 231 22799 2025/3/SSSAD	23/05/2025

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos."

O alcalde explica brevemente a proposta.

Dona María Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG manifesta que van votar en contra mentras non se licite o servizo.

Neste mesmo sentido maniféstase o integrante do Grupo Mixto, don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG-PSOE.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 4 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG-PSOE)]

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformidad
F/2025/738	16/06/2025	01 350	16/06/2025	4699,06	CO	B15724719	SENECIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF	2025 231 22799 2025/3/SSSAD	23/06/2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

								MUNICIPAL. MAIO 2025		
F/2025/739	16/06/2025	01 349	16/06/2025	31915,66	CO	B15724719	SENEC CIT SL	PRESTACIÓN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MAIO 2025 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS	2025 231 22799 2025/3/SSSAD	23/052025

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos."

3. APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA 2026. Expte. núm. 2025/X999/000042.

Dase conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

Expediente núm. 2025/X999/000042

Vista a comunicación do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social sobre o calendario laboral do ano 2026,

Co obxecto de determinar os dous días de festas locais con carácter retribuído e non recuperable, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e tendo en conta as festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia e as festas de ámbito estatal que se prevén para o ano 2026,

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Propoñer como festivos de carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano 2026 as seguintes datas:

MARTES 21 DE XULLO DE 2026 (Festividade de Santa Cruz da Rosa)

LUNS 17 DE AGOSTO DE 2026 (Día do Carme)

Segundo.- Remitir certificación deste acordo ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para ter en conta no calendario laboral do ano 2026."

O alcalde explica brevemente a proposta.

Non habendo intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

Primeiro: Propoñer como festivos de carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano 2026 as seguintes datas:

MARTES 21 DE XULLO DE 2026 (Festividade de Santa Cruz da Rosa)

LUNS 17 DE AGOSTO DE 2026 (Día do Carme)

Segundo.- Remitir certificación deste acordo ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para ter en conta no calendario laboral do ano 2026.

4. ADHESIÓN Ó NOVO CONVENIO DE PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL. Expte. núm. 2025/A006/000006.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Dase conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Expediente nº 2025/A006/000006

Visto que en data 18 de febreiro de 2025 asinouse o convenio entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital, que ten como obxecto establecer os termos e condicións xerais para un aproveitamento común das solucións tecnolóxicas básicas de administración dixital que prestan as partes asinantes en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos e resto de normativa aplicable.

Visto que este novo convenio substitúe ao convenio entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, asinado o 31 de outubro de 2013; convenio ao que este concello está adherido dende o 09/09/2019.

Visto que as solucións tecnolóxicas básicas de administración dixital incluídas no convenio son:

- Sistemas de Aplicacións e Redes para as Administracións (Rede SARA).
- Sistemas de identificación e sinatura electrónica: @firma, TS@, Cl@ve, Port@firmas, AutenticA.
- Sistemas para o intercambio de información, datos e documentos entre Administracións Públicas por medios electrónicos:
 - Plataforma de Intermediación de datos da Administración Xeral do Estado para a verificación e consulta de datos e o Portfolio SCSP.
 - Sistema de Interconexión de Registros (SIR).
 - Servizo de intercambio de documentos e expedientes electrónicos con outras administracións e coa Administración de Xustiza.
- Sistemas de posta a disposición de notificacións en formato electrónico: DEHú e Notific@.
- Sistemas de apoderamento e representación: Apodera e Representa.
- Rexistro de Funcionarios Habilitados da Administración Xeral do Estado (RFH-AGE).
- Punto de Acceso Xeral electrónico da AGE (PAGe).
- Carpeta Cidadana do Sector Público Estatal («Mi Carpeta Ciudadana»).
- Arquivo definitivo de expedientes e documentos (Archive).
- Inventarios de información administrativa: DIR3 e SIA.

Visto que é preciso que tanto as entidades locais galegas que estean ou non adheridas ao convenio anterior deben asinar o acordo de adhesión a este novo convenio para poder acceder ás solucións tecnolóxicas básicas dispoñibles a través do convenio, xa que en caso contrario o Ministerio procedería a pechar os servizos prestados ata a data actual.

Vistas as obrigas, responsabilidades e compromisos que asume esta entidade local coa adhesión a este convenio e tendo en conta o interese para esta entidade,

ACORDO:

Primeiro. Adherirse ao novo Convenio de prestación mutua de solucións básicas de administración dixital asinado entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) e da Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 18 de febreiro de 2025 e publicado do BOE núm. 54, do 04/03/2025.

Segundo. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente en representación do Concello de Laxe para a sinatura do convenio.

O alcalde explica brevemente a proposta.

Non habendo intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. Adherirse ao novo Convenio de prestación mutua de solucións básicas de administración dixital asinado entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) e da Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 18 de febreiro de 2025 e publicado do BOE núm. 54, do 04/03/2025.

Segundo. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente en representación do Concello de Laxe para a sinatura do convenio.

5. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA SENDA PEONIL ENTRE A DP-4001 E O CAMPO DA TORRE, LAXE. Expte. núm. 2025/A007/000001.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA O PLENO

Asunto: Declaración de singularidade e solicitude de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña para o “Acondicionamento de sendeiro peonil entre DP-4001 ao Campo da Torre, no Concello de Laxe”

Expte. Admvo. Núm. 2025/A007/000001

Atendendo a que por parte deste concello, mantense unha clara aposta polo turismo de natureza, quere recuperar unha zona situada no Lugar da Torre que se atopa sobre un antigo Camiño Real. Está situada nunha área de interese turístico e ambiental, adxacente ao Complexo Rural da Torre, en chan de núcleo rural e chan de protección forestal, con construcións de carácter tradicional e no contorno de protección de elementos catalogados por Patrimonio como bens de interese cultural e arquitectónico (Igrexa de San Mamede, Casa Reitoral de San Mamede, Hórreos na Torre, Cruceiros,...).

Actualmente, a área de actuación é un camiño de terra en desuso cunha superficie irregular cuberta por vexetación de escasa altura e pedras soltas. Os bordos do camiño atópanse definidos por muros de pedra das propiedades existentes e árbores que lle proporcionan sombra.

As obras que se queren realizar consisten no acondicionamento dese camiño intransitable para convertelo nunha senda peonil recuperando o Camiño Real existente, un enclave destacado no concello de Laxe polo seu valor histórico.

Visto o proxecto técnico, redactado en abril de 2025, polo enxeñeiro técnico industrial, D. Jesús Manuel Mallo Puga, denominado “Acondicionamento de sendeiro peonil entre DP-4001 ao Campo da Torre, no Concello de Laxe”, por un importe de 39.987,41 euros, máis 8.397,36 euros de IVE, facendo un importe total de 48.384,77 euros.

Visto que acometer esta actuación implicaría atender ás necesidades dos veciños e veciñas e mellorar a calidade da vida das persoas do noso concello, acondicionando este camiño, agora en desuso; valorizar á parroquia de Sarces, concretamente o núcleo rural da Torre, con esta actuación, promocionando este espazo e resaltando o atractivo turístico das zonas máis rurais; proporcionaría beneficios directos para fortalecer un turismo sostible que permita preservar os bens de interese cultural e patrimonial; protexer o medio ambiente coidando e mellorando a contorna e revitalizando o sendeiro existente, evitando que desapareza e poder ofrecer iniciativas de promoción da saúde e o benestar, dirixido a todos os veciños e veciñas do pobo, así como tamén ás persoas visitantes; e atendendo a que agora mesmo contemplar esta actuación dentro do POS+ Adicional 2/2025 significaría retrasar a execución deste proxecto en contra de todos os beneficios descritos con anterioridade, e que nin por parte deste concello se pode asumir integramente o custo desta actuación; é polo que se solicita unha subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña.

En consecuencia, á vista destes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo.

Primeiro: Declarar esta actuación de interese público, a obtención desta subvención implicaría optimizar o seu uso, protexer a contorna e ofrecer unha experiencia positiva as persoas usuarias, contribuíndo á conservación do patrimonio natural e cultural.

Segundo: Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa para a realización do proxecto de “Acondicionamento de sendeiro peonil entre DP-4001 ao Campo da Torre, no Concello



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

de Laxe” por importe de 38.707,82 euros que equivale ao 80% do gasto do proxecto total. O importe total do proxecto ascende a 48.384,77 euros, IVA incluído.

Terceiro: Aprobar o proxecto técnico denominado “Acondicionamento de sendeiro peonil entre DP-4001 ao Campo da Torre, no Concello de Laxe”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga, en abril de 2025, por importe de 39.987,41 euros, máis 8.397,36 euros de IVE, facendo un importe total de 48.384,77 euros.

Cuarto: Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Quinto: Facultar ao Sr. alcalde-presidente para que, en nome e representación do Concello, realice os trámites necesarios para a presentación e solicitude desta solicitude de subvención.

Sexto: Remitir a certificación deste acordo xunto co resto da documentación esixida á Deputación provincial da Coruña.”

O alcalde explica brevemente o estado de tramitación do expediente, indicando que con posterioridade á convocatoria do Pleno recíbese o informe desfavorable da Diputación, tendo como consecuencia a necesidade de modificar o proxecto previa á aprobación.

Tras breves intervencións e considerando o exposto chégase ao acordo, por unanimidade de deixar sobre a mesa o asunto ata a modificación do proxecto citado.

6.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 243/2025, DO 02/04/2025, EN CANTO Á ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN “La Administración cerca de ti”. Expte. ún. 2025/A006/000003.

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 243/2025, do 02/04/2025, en canto á adhesión ao Convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio de Política Territorial) e a FEMP para a posta en marcha dun proxecto de achegamento da administración á cidadanía do mundo rural “La Administración cerca de ti”

O alcalde explica brevemente o motivo da ractificación da resolución.

Non habendo intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIONES: 0

Polo tanto, queda ractificada a mencionada Resolución da Alcaldía núm. 243/2025, do 02/04/2025.

PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

7. MOCIÓN GRUPOS MUNICIPAIS:

7.1. Moción que presenta o BNG para a defensa do sistema público de atención á dependencia e a mellora do servizo de axuda no fogar (SAF). Expte. núm. 2025/G006/000024.

Dase conta da moción presentada:

“MOCIÓN PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á
DEPENDENCIA E A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

MARÍA CRISTINA VÁZQUEZ DEL PRISCO, portavoz 2ª do Grupo municipal do BNG no concello de LAXE ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema público de atención á dependencia en Galiza está a sufrir un preocupante proceso de desmantelamento, como vén denunciando insistentemente o BNG no Parlamento galego. Lonxe de garantir os dereitos das persoas dependentes, a política da Xunta de Galiza —baixo o Goberno do Partido Popular— está centrada nun modelo asistencialista e privatizador que empobrece o servizo público e devolve os coidados ao ámbito doméstico, recaendo maioritariamente sobre as mulleres.

Na actualidade, máis de 2.000 persoas en Galiza agardan pola valoración da dependencia, duplicando o tempo que marca a propia Lei de Dependencia. A media de espera sitúase nos 361 días, o que fai de Galiza a cuarta comunidade co maior atraso para acceder ás prestacións.

Ademais, Galiza é o territorio que menos inviste por persoa dependente: 1.317 euros ao ano, fronte aos case 2.000 da media estatal e moi lonxe dos 2.900 euros que inviste o Goberno vasco. Este infra-investimento tradúcese en recortes de servizos esenciais, substituídos por axudas precarias que non garanten o dereito das persoas maiores e dependentes. No primeiro semestre de 2025, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) perdeu 1.026 persoas usuarias, e os centros de día, case 3.000. Mentres, as axudas asistencialistas incrementáronse en máis de 6.000, cunhas cantidades que non superan os 400 euros mensuais, menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional.

O recorte orzamentario destinado ao SAF é especialmente grave. Só nos últimos dous meses, a Xunta retirou 17 millóns de euros deste servizo: 12 millóns en xuño e 5 en maio. O SAF está ao bordo do colapso por falta de financiamento, como veñen denunciando os concellos, a FEGAMP e o propio BNG. No último Pleno do Parlamento, o Partido Popular votou en contra da proposta do BNG para elevar o financiamento do SAF até os 20 euros por hora, unha medida fundamental non só para garantir unha atención digna ás persoas usuarias e unhas condicións laborais xustas para as traballadoras, senón tamén para aliviar a carga económica que os concellos están a asumir por unha competencia que lles é impropia e que a Xunta non financia de maneira responsábel nin suficiente.

Por primeira vez, hai máis persoas dependentes en Galiza pagando unha residencia privada que ocupando unha praza pública ou concertada. Máis de 7.400 persoas reciben unha axuda de entre 361 e 420 euros ao mes, mentres o custo medio dunha residencia supera os 2.000 euros. Isto facilita que empresas privadas absorban as axudas públicas e incrementen os prezos, vulnerando un dereito fundamental. O modelo do Partido Popular persegue dous obxectivos: devolver os coidados ao fogar e que os asuman, de novo, as mulleres. Segundo datos da propia Xunta, o 82% das persoas coidadoras no domicilio son mulleres que, en moitos casos, teñen que renunciar á súa vida laboral para atender familiares dependentes.

Fronte a estas políticas regresivas, o BNG reafirma o seu compromiso cun sistema público de coidados que garanta unha vellez digna e os dereitos das persoas dependentes, como parte fundamental do estado do benestar.

Compre sinalar a situación que viven este servizo no noso concello, Laxe conta con case un millar de persoas con máis de 65 anos, un 33% de toda a poboación, polo que o SAF é esencial para unha parte moi importante da veciñanza, sen esquecer como vimos sinalando en cada pleno que o contrato do Servizo de Axuda a Domicilio (SAF) que leva caducado nada menos que desde 2018.

Ante esta situación, é imprescindible que o Pleno desta Corporación se posicione en defensa do sistema público de atención á dependencia e esixa á Xunta de Galiza un cambio radical nas súas políticas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.
- Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

- Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.
- Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.
- Manifestar o compromiso do Concello de Laxe coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.
- Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.

En Laxe, a 23 de xullo de 2025

Asdo. Don/a María Cristina Vázquez del Prisco
Portavoz do Grupo Municipal do BNG”

Intervén o sr. alcalde indicando que é o Estado o que ano a ano reduce a aportación, e que o seu grupo votará a favor da proposta si se introducen as seguintes enmendas:

- Continuar apoiando economicamente aos concellos galegos para facer fronte ao custo do SAF, que é un servizo de competencia municipal, e a seguir impulsando a mellora do seu financiamento.
- Continuar reclamando ao Goberno de España o cumprimento da Lei de Dependencia que lle obriga a financiar o 50% do custe dos servizos, así como o pagamento da débeda con Galicia e os galegos por ese incumprimento.

Tras breves intercambios de impresións chégase ao acordo de introducir as enmendas propostas.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Queda por tanto aprobado o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.
- Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.
- Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.
- Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.
- Manifestar o compromiso do Concello de Laxe coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.
- Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.
- - Continuar apoiando economicamente aos concellos galegos para facer fronte ao custo do SAF, que é un servizo de competencia municipal, e a seguir impulsando a mellora do seu financiamento.
- - Continuar reclamando ao Goberno de España o cumprimento da Lei de Dependencia que lle obriga a financiar o 50% do custe dos servizos, así como o pagamento da débeda con Galicia e os galegos por ese incumprimento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

7.2. Mocións que presenta o BNG para instar ó Goberno Galego a adoptar con urxencia as medidas necesarias para restablecer o réxime hidrolóxico natural do conxunto Lagoa-Dunas de Traba. Expte. núm. 2025/G006/000024.

Dase conta da moción presentada:

“MOCIÓN PARA INSTAR GOBERNO GALEGO A ADOPTAR CON URXENCIA AS MEDIDAS NECESARIAS PARA RESTABLECER O RÉXIME HIDROLÓXICO NATURAL DO CONXUNTO LAGOA-DUNAS DE TRABA

MARÍA CRISTINA VÁZQUEZ DEL PRISCO, portavoz 2ª do Grupo municipal do BNG no concello de LAXE ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sistema lacunar de Traba, no concello de Laxe, consiste nunha lagoa costeira de auga doce encaixada tras un cordón dunar. Morfoloxicamente, formouse cando as achegas sedimentarias do río de Traba e do rego de Vao pecharon un entrante mariño, xerando un espazo de auga. O cordón dunar, elaborado ao longo dos últimos 5.000 anos pola acción combinada de temporais e vento, presenta tipoloxías propias de sistemas dunares activos, favorecendo a circulación de auga subterránea e intercambios salinos estacionais.

Desde o punto de vista medioambiental, o conxunto Lagoa-Dunas de Traba está declarado Espazo Natural Protexido e inscrito na Rede Natura 2000 como ZEPA e LIC, pola súa relevancia ornitolóxica: acolle anátidas, limícolas e especies migratorias pouco frecuentes nesta latitude, actuando como refuxio e punto de repouso. Ademais, alberga unha flora psamofítica e comunidades de halófitas que contribúen á estabilidade do cordón dunar, modulan procesos de erosión costeira e ofrecen servizos ecosistémicos cruciais á resiliencia fronte ao cambio climático. A súa riqueza a nivel ornitolóxico e vexetal é incuestionable, así como o valor patrimonial e a importancia nas actividades socioeconómicas desta parroquia do concello de Laxe.

